

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

D^a. María Ramallo Vázquez

SECRETARÍA XERAL
Expt: 2019-SE010-005

DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Tras as eleccións locais do pasado 26 de maio de 2019 e constituída a Corporación municipal en sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2019, procede que por esta Alcaldía se dite resolución relativa á delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, necesaria para proceder ao establecemento da nova organización municipal, de acordo co previsto na normativa aplicable.

De conformidade co disposto nos arts. 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, LBRL) e preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante, ROF), a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario en todos os municipios que, como Marín, teñan unha poboación superior aos 5.000 habitantes e se integra polo/a alcalde/sa e un número de concelleiros/as non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel/a, dando conta ao Pleno.

Pola súa parte, o artigo 23.2 da LBRL e os artigos 43, 44, 52 e 53 do ROF, establecen o réxime das delegacións de atribucións do alcalde/sa, que efectuáranse mediante decreto coas formalidades previstas no art. 44 ROF, así como a composición e atribucións da Xunta de Goberno Local.

Polo exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, **RESOLVO:**

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións de Alcaldía sobre as materias que de seguido se relacionan, sen prexuízo da súa avocación en calquera momento conforme á lexislación vixente:

En materia de persoal:

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno.

En materia urbanística:

- As aprobacións dos instrumentos de planeamento e de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- O outorgamento de licenzas urbanísticas en relación cos actos recollidos no artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, que de seguido se relacionan:
 - a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

- b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polos seus singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
 - c) As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
 - d) Os muros de contención de terras cando a súa altura sexa igual ou superior a metro e medio.
 - e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
 - f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de chan, cando non formasen parte dun proxecto de reparcelamento.
 - g) A primeira ocupación dos edificios.
 - h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente.
 - i) A tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando dita tala se derivase da lexislación de protección do dominio público excepto as autorizadas en chan rústico polos órganos competentes en materia forestal.
- O outorgamento de licenzas ou autorizacións para a apertura de establecementos, a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas previstas no artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que de seguido se relacionan:
- a) A apertura de establecementos abertos ao público cun aforo superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
 - b) A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario, sempre que requiran de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.
 - c) A montaxe de instalacións para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas e a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que haxan de dispoñer de plan de autoprotección ou dun plan ou estudo específico segundo a normativa sectorial de aplicación.
 - d) A apertura de establecementos abertos ao público e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de licenza ou autorización.

En materia de contratación:

- As competencias que en materia de contratación veñen atribuídas aos Alcaldes na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas

anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Exclúense da citada delegación a tramitación e adxudicación dos contratos menores e dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previstos no artigo 159.6 da LCSP.

Igualmente, exclúense da delegación as competencias relativas á designación de membros das mesas de contratación ou órganos equivalentes, á aprobación do Plan de Seguridade e Saúde das obras; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo; aprobación do Plan de Calidade; nomeamento ds Dirección Facultativa da Obra e nomeamento do Coordinador de seguridade e saúde da obra; aprobación de certificacións, firma das actas de recepción; así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato.

- Aprobación de proxectos de obras e de servizos cuxa contratación ou concesión sexa competencia da Alcaldía e estean previstos no orzamento.

Exclúese desta delegación a aprobación da memoria das obras ou proxecto de obras, cando se trate dun contrato de obras que se adxudique a través de contrato menor ou polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada previstos no artigo 159.6 da LCSP.

- Adopción de acordos relativos á interpretación, modificación, invalidez, resolución ou extinción de contratos que sexan competencia da Alcaldía, así como o acordo de suspensión do contrato, a prórroga do prazo de execución das obras ou o acordo de imposición de penalidades.

En materia de patrimonio:

- A adxudicación de concesións sobre os bens da Entidade Local.
- A adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

En materia de subvencións:

- A solicitude e aceptación de todo tipo de subvencións e axudas económicas a favor do Concello, salvo que se esixa acordo plenario, cando a asunción dos compromisos ou obrigas para o Concello derivados da concesión daquelas correspondan á Alcaldía, sen prexuízo de que a Alcaldía poda efectuar, por razóns de urxencia, a solicitude.

Atribucións residuais:

- As demais competencias que veñan atribuídas á Xunta de Goberno Local por mandato expreso das leis sectoriais e todas aquelas cuestións puntuais, competencia da Alcaldía, que esta desexe, pola súa transcendencia ou interese, someter a estudo, consideración ou resolución da Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Os acordos que adopte a Xunta de Goberno Local por delegación, deberán indicar expresamente esta circunstancia e consideraranse ditados pola Alcaldía como titular da competencia orixinaria, sendo inmediatamente executivos.

Terceiro.- O réxime xurídico desta delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF e disposicións concordantes, reservándose a Alcaldía, conforme ao establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avocar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

Cuarto.- As facultades que pode exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que corresponden ao órgano delegante, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados no exercicio da delegación, que serán resoltos polo órgano delegante.

As competencias delegadas exerceranse nos termos sinalados na presente resolución e lexislación de aplicación, sen que poidan ser delegadas en ningún outro órgano.

Quinto.- Esta delegación non quedará revogada polo mero feito de producirse un cambio na titularidade da Alcaldía ou na composición concreta da Xunta de Goberno Local. A revogación ou modificación na delegación deberá adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Sexto.- Deixar sen efectos cantas resolucións anteriores teña ditado esta Alcaldía en materia de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- Da precedente resolución darase conta á Xunta de Goberno Local, na súa sesión constitutiva, a efectos da súa aceptación. A delegación entenderase aceptada tacitamente se, no prazo de tres días hábiles non se realiza manifestación expresa ante o órgano delegante en senso contrario.

Oitavo.- A presente resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia, debendo ser publicada igualmente na sede electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno; sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte a súa firma pola Alcaldesa.

Noveno.- Da presente resolución, de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta ao Pleno na primeira sesión que éste celebre.

Así o dispón a señora Alcaldesa do que eu como Secretaria dou fe, en Marín na data da sinatura electrónica.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE